

O claustro de profesores/as do IES da Pobra do Caramiñal, en reunión extraordinaria celebrada o día 18 de setembro de 2014, e ante as declaracións realizadas polo Xefe Territorial da Cons. de Cultura, Educ. e O.U. da provincia da Coruña, nas que se fai recaer o mal estado do noso centro nos equipos directivos do mesmo, deixando o mesmo "a monte", quere manifestar, ademais da súa indignación, a súa absoluta repulsa e protesta, precisando:

1º. O máximo responsable da Educación Pública da Provincia da Coruña non debería, ao noso entender, facer un xuízo público sen fundamentarse en datos obxectivos sobre a actuación dos profesionais do ensino público que, na súa maioría nomeados de xeito forzoso para equipos directivos do centro, puxeron e poñen todo o seu saber, facer, profesionalidade e responsabilidade na mellora do noso centro.

2º. Só entre os anos 2010 e 2013 gastáronse en traballo de reparacións e mantemento uns 100.000 € do orzamento do centro (alarma, ascensor, caldeiras, fontanería, electricidade, informática...), aos que lles temos que sumar outros 25.000€ desde xaneiro a setembro deste ano 2014, ademais dunha media de 35.000€ anuais de subministración (gasóleo, electricidade, auga, luz e material de limpeza). Por outra parte, como ben sabe vostede, o remanente que o centro pode ter a 31 de decembro é necesario para facer fronte aos pagos durante os tres primeiros meses do ano.

Nestas actuacións de mantemento e mellora, priorízanse aquelas máis urxentes e recorrendo tanto ao presuposto propio do centro como á imprescindible colaboración da Xefatura Territorial e á boa vontade do concello.

Todo este conxunto de actuacións come boa parte do presuposto do centro e unha parte inxente do tempo do correspondente equipo directivo que, en lugar de estar centrado nas tarefas pedagóxicas que lle son propias, se ve continuamente requerido por todo este tipo de necesidades.

3º. Na listaxe que se achega ao final deste escrito especificáanse as deficiencias e necesidades do centro. Na mesma, queda patente que todos estes requirimentos e actuacións desbordan, con moito, a capacidade de actuación do centro: tanto a nivel económico como de toma de decisións, coñecementos técnicos e adicación temporal do equipo directivo.

4º. De todo o dito ata o de agora, despréndese a necesidade dun plan de mantemento e mellora a medio prazo, consensuado e comprometido coa Xefatura Territorial, da cal tamén se necesitaría o apoio técnico e económico necesario.

LISTAXE DEFICIENCIAS DO IES DA POBRA DO CARAMIÑAL

O seguinte listado refírese a aquelas deficiencias do IES da Pobra do Caramiñal que dificilmente se solucionarían a cargo dos orzamentos do centro:

- **Estrutura:** A estrutura do edificio consta de 3 aularios, máis a antiga casa do conserxe, cun elevado número de espazos exteriores. Isto supón uns custos de mantemento altos e a necesidade dun orzamento especial. Supón unha maior cantidade de metros de tellados e fachadas, ventás, portas, zonas de paso, etc. Isto multiplica os custes de mantemento. Os edificios do aulario 1 e zona administrativa, os máis antigos, ademais de presentar grandes deficiencias, resultan funcionalmente inadecuados. Datan de hai 30 anos e foron feitos cunha baixa calidade, o que comporta que actualmente requiran alto mantemento, precisando nalgúns aspectos reformas integrais.
- Os **tellados** dos dous primeiros edificios son:
 - de chapa metálica, con nulo illamento tanto para frío como para calor;
 - ou de terrazas sen cubrición, o que xera continuas entradas de auga.
- O sistema de **calefacción** no aulario 1 e zona administrativa é totalmente obsoleto, cuns rendementos moi baixos, perdas de calor nos percorridos, conducións oxidadas e sen zonas diferenciadas que permitan un control independente da calefacción. Así pode ocorrer que as aulas ao inicio do circuíto teñan que abrir as ventás e as do final apenas dean quecido.
- As **caldeiras** teñen tamén moito tempo, presentando un rendemento pobre, perdas e ruídos que nalgún caso molestan o normal desenvolvemento das clases.
- **Illamento:** A gran cantidade de ventás, persianas e galerías en mal estado, xunto coa baixa calidade das mesmas, e das cubertas, fan que se produza condensación en diferentes espazos (laboratorios, biblioteca, aulas ...) ata o punto de producir goteiras dentro dos edificios. Algúns espazos coma os talleres grandes sofren permanentemente de humidades e están sempre fríos, a pesar dos reforzos en calefacción que se lle incorporan.
- A **instalación eléctrica**, principalmente a da zona máis antiga, presenta continuos problemas, con saltos de liña, cortes e mesmo algún cortocircuíto que derivou en incendio. Os cadros eléctricos están obsoletos. Mesmo sufrimos algún tipo de perda ou consumo de fondo, que se reflicte nos recibos mensuais, que ningún técnico foi quen de atopar.
- **Barreiras arquitectónicas:** O centro presenta barreiras arquitectónicas para persoas con discapacidade física en practicamente todos os espazos. Sería necesaria unha actuación urxente no ascensor do Aulario 3 e na construción de rampas.
- **Fiestras:** a meirande parte son de aluminio simple, sen roturas de ponte térmica, dobre acristalamento, ou calquera outro elemento illante. Bastantes delas están impracticables. As persianas teñen moito tempo e atráncanse con moita facilidade. Toda a condensación que se produce ao seu arredor fai que os marcos de fiestra e tapas de persiana presenten a madeira alabeada, podrecida ou teña xa desaparecido.
- **Problemática do acceso a internet:** o fluxo de entrada de ADSL é insuficiente non só para o traballo na aula, senón tamén para a administración do centro.

- Equipamento TIC: É escaso para o número de alumnos e en moitos casos anticuado, a excepción das aulas Abalar (que por outra parte só se poden utilizar en 1º ciclo de ESO).
- Saneamento: É necesario a conexión das augas fecais do centro á rede de saneamento do concello.
- Pintura: O aspecto exterior é verdadeiramente lamentable, necesitando dun pintado xeral.
- **Óxidos**: boa parte dos elementos metálicos exteriores: vigas, balaustradas, reixas... presentan distintos graos de oxidación, que precisan de tratamento e pintura.
- **Humidades e fendas**: É difícil contabilizar o número preciso de humidades, goteiras e fendas, xa que se dan dun modo xenérico, sobre todo nos Aularios 1 e 2, tanto en paredes como en teitos e ventás. Sería necesaria unha revisión xeral das cubertas e ventás.
- **Aillamento**: A gran cantidade de ventás, persianas e galerías en mal estado fai que se produza condesación en diferentes espazos (laboratorios, biblioteca, aulas ...)
- **Espazos exteriores**: a enorme cantidade de espazos que rodean o centro fai difícil que se manteña limpo de vexetación. Por outra parte, o espazo que corresponde á pista deportiva do Aulario 1 está impracticable. Precisaríanse actuacións de aterraxamento, axardinamento e a conversión dalgúns espazos en zonas pavimentadas.

- O centro conta con **espazos** suficientes, pero non con presuposto para mantemento, habilitación e dotación dos mesmos. Exemplos son a creación dun laboratorio de idiomas, espazos deportivos exteriores, laboratorio do ciclo superior de dietética, aula de alumnos, aula de Anpa, patios con dotación de aula de recreo, zonas de paso...
- Múltiples persianas en mal estado.
- Modernización de **instalación eléctrica**: optimización do consumo enerxético.
- Ampliación do **laboratorio de dietética**: as súas dimensións dificultan cumprimento dos obxectivos dos módulos, e supoñen un grave risco para os alumnos.
- Excesivo ruído da caldeira da calefacción no taller de CAE, que dificulta o desenvolvemento das clases.